

Galego, sección da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Terceiro.-Esta fundación queda sometida ao disposto na normativa de xeral aplicación, en especial á obriga de dar publicidade suficiente ás súas actividades e á ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos. Tamén queda obrigada a renderlle contas anualmente ao protectorado e a xustificar a través da memoria anual o cumprimento da finalidade fundacional, así como a presentar o plan de actuación con anterioridade ao inicio do exercicio económico correspondente.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de febreiro de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 4 de marzo de 2008 pola se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para estadías nalgún Estado membro da Unión Europea co obxecto de coñecer a lingua dese país.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, BOE do 19 xaneiro e DOG do 17 de febreiro de 1988, transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo, DOG do 8 de abril. A Lei 11/1989, do 20 de xullo, DOG do 16 de agosto, de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, está a levar adiante unha política de asistencia económica aos estudantes que queda concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a calidade, a competencia, a

igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico. Nesta liña, con esta orde preténdese continuar a política de bolsas e axudas para a realización de cursos de idiomas no estranxeiro destinadas a estudantes universitarios.

Así mesmo, cabe sinalar que a adaptación do alumnado ao Espazo Europeo de Educación Superior exige o coñecemento dunha segunda lingua para mellorar a competencia e a capacidade de estudo e traballo no contexto internacional; razón pola que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria debe apoiar as iniciativas dos estudantes que poidan contribuír a enriquecer a súa formación académica e científica.

Finalmente, procede indicar que as axudas convocadas por esta orde son incompatibles con calquera outra destinada para ese mesmo fin por algunha das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Polo que antecede, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócanse axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ao alumnado universitario matriculado nunha das tres universidades do sistema universitario de Galicia durante o curso 2007/2008 e destinadas a sufragar parte dos gastos ocasionados polo financiamento de viaxes para estadías nalgún Estado membro da Unión Europea co obxecto de coñecer a lingua dese país.

Artigo 2º.-*Orzamento.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, cunha contía global de 110.000 euros. Esta cantidade poderá incrementarse de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería.

Artigo 3º.-*Período.*

As actividades para as que se solicita a axuda terán que ser realizadas durante o curso académico 2007/2008.

Artigo 4º.-*Requisitos.*

1. Poderán solicitar estas axudas os/as alumnos/as universitarios/as que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado/a no curso 2007/2008 en calquera das universidades do sistema universitario de Galicia, ou nos centros asociados da UNED en Galicia.

b) Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 1 punto, calculada cos parámetros publicados por resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo. No caso de alumnos de ensinanza técnica, a nota obtida polo alumno multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.

c) Cursar estudos regrados de carácter oficial e validez nacional de 1º ciclo, de 1º e 2º ciclo, de 3º ciclo (etapa de formación) ou un programa oficial de posgrao conducente ao título de máster.

d) Ter superado, no momento de presentación da solicitude, 60 créditos en titulacións de 1º ciclo ou 120 créditos en titulacións de 1º e 2º ciclo, e no caso de 3º ciclo e programas oficiais de posgrao, ter superados os estudos da titulación correspondente que dea acceso a eles.

e) Atoparse matriculado, nos plans de estudos estruturados por créditos, polo menos, en 50 créditos, ou nos que restan para adquirir a titulación.

f) Realizar un curso de idiomas en calquera dos estados membros da Unión Europea, cunha duración mínima de dúas semanas e máxima de doce e un mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponder co idioma oficial do país elixido.

2. Quedan excluídos desta convocatoria:

a) Os/as alumnos/as que xa teñan desfrutado desta axuda en anteriores convocatorias.

b) Os/as alumnos/as que durante o curso 2007/2008 estean desfrutando do Programa Sócrates-Erasmus, sempre e cando a estadía que pretendan realizar sexa para perfeccionar a lingua oficial do país en que se está a desenvolver o devandito programa.

c) Os/as alumnos/as que teñan concedida unha axuda para a mesma finalidade, cando a suma de ambas supere o custo da actividade.

Artigo 5º.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. As solicitudes, segundo o modelo ED416A que se publica como anexo a esta orde, asinadas polo/a solicitante, poderán presentarse:

a) No Rexistro Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dirixidas á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

b) Nos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007, DOG do 3 de xullo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

c) Nas oficinas de correos, en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación postal.

Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Copia do DNI do/a solicitante.

b) Certificación académica completa ou copia compulsada en que se fará constar a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito o 21 de febreiro de 2005, entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do 23 de marzo, por resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005. O alumnado que estea cursando estudos de 2º ciclo, por acceder desde unha titulación de 1º ciclo, deberá enviar ademais a certificación académica dese 1º ciclo.

Os/as alumnos/as de 3º ciclo que estean cursando o segundo ano da etapa de formación deberán presentar ademais da devandita certificación académica, o certificado das cualificacións do 1º ano de 3º ciclo.

O alumnado que curse por primeira vez un programa oficial de posgrao conducente ao título de máster deberá presentar igualmente a certificación académica da titulación que lle dá acceso a estes estudos, coa expresión da súa nota media.

c) Xustificante da matrícula correspondente ao curso 2007/2008 nunha universidade do Sistema Universitario de Galicia.

d) Orixinal ou copia do programa do curso de idiomas a que desexa asistir, no cal deberá figurar o período de duración, o número de horas lectivas semanais e o lugar de destino.

e) Declaración xurada do solicitante de non percibir ningún outro tipo de bolsa ou axuda de ningunha outra entidade pública ou privada para a mesma finalidade; documento co cal se entenderá cumprido o requisito exixido previo ao pagamento.

f) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do/a interesado/a, no cal conste o número de conta do cliente e os códigos que identifican o banco, a oficina e o dñito de control.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Artigo 6º.-Tramitación.

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas cos motivos de exclusión no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es, tamén poderán consultarse nas delegacións provinciais da citada consellería e nas vicerreitorías de Estudantes das tres universidades galegas.

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 15 de maio. Os interesados disporán dun prazo de reclamación comprendido entre o día 16 ata o 26 de maio de 2008, ambos os dous incluídos, para emendar os erros e a falta de documentación, que presen-

tarán ante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, presentando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que o interesado desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos na Lei 30/1992.

Artigo 7º.-Comisión avaliadora.

1. A selección das solicitudes será realizada por unha comisión integrada por:

-Presidente: o titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia ou, por delegación, o titular da Subdirección Xeral de Universidades.

-Vogais:

O/A titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

O/A titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade da Coruña.

O/A titular do órgano competente en materia de estudantes da Universidade de Vigo.

O/A xefe/a do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios.

-Secretario/a: un/a funcionario/a da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee. O dito nomeamento deberá recaer noutra persoa da dirección xeral ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Artigo 8º.-Selección.

1. A selección será realizada pola comisión avaliadora en atención á cualificación obtida polo/a alumno/a en orde directamente proporcional á nota media do expediente académico. No caso de posuír a mesma nota media de expediente académico, terán preferencia para a concesión da axuda aqueles/as alumnos/as que teñan superado un maior número de créditos.

2. A comisión, tendo en conta a prioridade outorgada de acordo coa puntuación do expediente académico, aplicará os criterios establecidos no artigo 9º para determinar a contía que corresponda a cada alumno beneficiario ata o límite do orzamento dispoñible.

3. Así mesmo, a comisión elaborará unha lista de suplentes, por orde de puntuación do seu expediente académico, na cal figurarán os solicitantes que, cumprindo os requisitos exixidos na convocatoria non acadaron un número de orde que lles permita ser adxudicatarios da bolsa.

4. No suposto de producirse algunha renuncia ou baixa, e tendo en conta o remanente de crédito, procederase a adxudicarlle a bolsa a aqueles solicitantes que figuren na lista de candidatos suplentes elaborada pola comisión e pola orde que nela aparecen, sempre que presenten a documentación xustificativa

de ter realizado o curso, sinalada no artigo 11º, antes do 10 de outubro de 2008.

Artigo 9º.-Criterios para a determinación da contía.

1. A contía que se vai percibir determinarase atendendo aos seguintes criterios:

Criterios	Contía
Expediente académico, aplicando os seguintes tramos segundo a media:	
- 3,50 a 4 puntos	700 €
- 3 a 3,49 puntos	650 €
- 2,50 a 2,99 puntos	550 €
- 2 a 2,49 puntos	450 €
- 1,50 a 1,99 puntos	350 €
- 1 a 1,49 puntos	250 €
-Área xeográfica	-Área xeográfica A: Dinamarca, Estonia, Finlandia, Suecia, Letonia e Lituania (450 €) -Área xeográfica B: Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Francia, Grecia, Holanda, Hungría, Irlanda, Italia, Luxemburgo, Malta, Polonia, Reino Unido, Rep. Checa e Romanía (350 €) -Área xeográfica C: Portugal (200 €)
-Duración da estada	90 €/semana

2. A dotación económica asignada a cada beneficiario non poderá superar os 2.230 euros.

3. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-Resolución.

1. Unha vez efectuada a selección pola comisión avaliadora, esta elevará, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, un informe-proposta á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, que emitirá resolución en que constarán tres relacións: unha, en que se incluírá o alumnado que resulte adxudicatario das axudas; outra segunda, en que se incluírá o alumnado a que lle sexa denegada a axuda por non reunir algún ou algúns dos requisitos exixidos nesta convocatoria; e unha terceira, en que se incluírá o alumnado que, reunindo os requisitos exixidos, non acadaron un número de orde que lles permita obter a axuda. Os alumnos incluídos nesta última relación quedarán ordenados de acordo coas súas puntuacións e constituirán a lista de suplentes con que se irán substituíndo, por rigorosa orde, os alumnos adxudicatarios que por calquera causa non participen no programa.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal

Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes entenderanse desestimadas de non dítarse resolución expresa no prazo sinalado.

3. Os solicitantes aos cales lles sexa denegada a axuda poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo de dous meses a partir da publicación da resolución da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 11º.-Xustificación e pagamento.

1. Os adxudicatarios que figuran na listaxe de concedidos así como os da listaxe de suplentes, se os houber, presentarán na Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia no prazo máximo de 10 días naturais posteriores á publicación da orde de resolución no DOG, no caso de terse realizado o curso antes da dita publicación, e en todo caso antes do 10 de outubro de 2008, os documentos xustificativos seguintes:

a) Orixinal ou copia compulsada do certificado de asistencia ao curso para o cal lle foi concedida a axuda, traducido, no caso de estar en lingua estranxeira, a algunha das linguas oficiais desta comunidade autónoma e no cal se especifique o lugar e as datas de realización.

b) No caso de terse producido variación nos datos achegados na declaración xurada de axudas presentada coa solicitude, deberá achegar unha nova declaración en que consten os cambios producidos.

2. As axudas concedidas faranse efectivas mediante libramento único e directo na conta bancaria indicada polo/a beneficiario/a.

Artigo 12º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os solicitantes, polo feito de solicitar esta axuda, comprométese a aceptar o contido desta convocatoria e o seu resultado, así como a cumprir as seguintes obrigas:

a) Remitirlle á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, unha vez finalizada a actividade, a documentación que se solicita no antedito artigo 11º.

b) Comunicar por escrito a renuncia á bolsa no caso de producirse unha causa que determine esa renuncia.

c) Informar o órgano concedente da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, segundo dispón o

artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro, total ou parcial, polo/a beneficiario/a, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación da solicitude de concesión de axuda comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas cando proceda.

A reserva que o petionario poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a súa publicidade nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

b) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2ºc) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia para adoptar os actos e medidas necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria


XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Ordenación e Calidade
do Sistema Universitario de Galicia

ANEXO

PROCEDEMENTO FINANCIAMENTO DE VIAXES PARA ESTADÍAS NALGÚN ESTADO MEMBRO DA UE CO OBXECTO DE COÑECER A LINGUA DESE PAÍS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED416A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI/NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO	

DATOS ACADÉMICOS

TITULACIÓN	
UNIVERSIDADE	CAMPUS

DATOS DA ACTIVIDADE NO ESTRANXEIRO

CENTRO DE ESTUDOS	CIDADE	PAÍS	PERÍODO DE DESPRAZAMENTO DATA INICIO	DATA FIN
-------------------	--------	------	---	----------

FOILLE CONCEDIDA NALGUNHA CONVOCATORIA ANTERIOR ESTA BOLSA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	EN CASO AFIRMATIVO INDIQUE ANO DE CONCESIÓN
--	---

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- COPIA DO DNI DO SOLICITANTE
- CERTIFICACIÓN ACADÉMICA PERSOAL OU COPIA COMPULSADA EN QUE SE FARÁ CONSTAR A NOTA MEDIA SIMPLE DO EXPEDIENTE ACADÉMICO
- XUSTIFICANTE DA MATRÍCULA CORRESPONDENTE AO CURSO 2007/2008
- ORIXINAL OU COPIA DO PROGRAMA DO CURSO DE IDIOMAS A QUE DESEXA ASISTIR, NO CAL DEBERÁ FIGURAR O PERÍODO DE DURACIÓN, NÚMERO DE HORAS LECTIVAS SEMANAIS E O LUGAR DE DESTINO
- DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE CONFORME NON PERCIBE NINGÚN OUTRO TIPO DE BOLSA OU AXUDA DE NINGUNHA ENTIDADE PARA A MESMA FINALIDADE
- DOCUMENTO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA A NOME DO INTERESADO, NO CAL CONSTE O NÚMERO DE CONTA DO CLIENTE E OS CÓDIGOS QUE IDENTIFICAN O BANCO, A OFICINA E O DÍXITO DE CONTROL

O/A que abaixo asina DECLARA QUE lle presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente. A persoa que abaixo asina fai unha declaración responsable de que non se atopa incurso nalgunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OBSERVACIÓNS:

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 4 de marzo de 2008 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para estadías nalgún Estado membro da Unión Europea co obxecto de coñecer a lingua dese país.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA ____/____/____
		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria